



O vindeiro mes de xuño, no principio das calores, remataremos o primeiro ciclo do ano da sección Xeiras Alén Miñor. Desta volta recoñeceremos as Terras de Ulloa, formadas polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla. O segundo río máis importante do país, despois da cunca Miño-Sil, dá nome á bisbarra que nos acolle. E segue nomeando, alá por onde pasa, a Ulla no seu curso medio e o Ullán na súa desembocadura na ría de Arousa. Vai marcando o límite xeográfico e fronteira natural entre A Coruña e Pontevedra, logo de deixar as de Lugo onde abrolla (entre o Alto do Corno e os Montes de Vacaloura, na parroquia de Ansar, Taboada).

Durante os dous días de visitas e percorridos acompañaranos xunto coas súas infinitas regueiras e tributarios (Pambre, Furelos, Arnego etc.). Angostas carballeiras e bosques de ribeira, ben conservados aínda, perduran polo territorio, que xunto a fondura dos seus canóns e rápidos conseguen unha paisaxe de beleza extraordinaria. Os Torrentes do Mácara son bo exemplo. Un pouco máis abaixo Portodemouros encargárase de acougalo.

No seu discorrer, o río supuxo ó longo da historia unha importante barreira natural, que os homes salvaban usando enxeño e pericia, ou ben con barcas ou con pontes, este paso obrigado de camiñantes, viaxeiro, arrieiros, comerciantes e moitos peregrinos. A pé ou en carruaxes, carros, bestas e cabalaría, facíanse os camiños.

Unha fin de semana apaxioante, con moitas referencias culturais para admirar e reter no maxín. Entre outras:

Exterior do Pazo de Vilamaior (solar da familia Ulloa, s. XIV) Castelo de Pambre (s. XIV e XV) Torrentes do Mácara Vila
r de Donas (Mosteiro s. XII, pinturas góticas, altar románico, baldaquino etc.)

Igrexa románica de Marzá (s. XII)

XXII Xeira Alén Miñor a Ulloa (8-9 xuño 2019)

Escrito por IEM -Sec
Domingo, 19 Maio 2019 23:08

Igrexa románica de San Miguel de Coence (s. XII)

Complexo de Agroecoturismo de Arqueixal

Santa Mariña de Castro Amarante, aldea con arquitectura tradicional, igrexa románica, capela dos condes e pazo (s. XVII).

Visita ás fincas de custodia do territorio de Quecus Sonora

Torre de San Miguel de Penas

Paseo por Monterroso

CARACTERÍSTICAS DA XEIRA DATA: 8/9 de Xuño do 2019 GUÍAS:
Membros da xunta directiva do Instituto de Estudos Ulloáns, entre outros: Francisco Pardo e Xurxo Mouriño (coordinador proxecto Flora Da Ulloa), Sandra Goded e Rudi Esteban (fundadores de Querqus Sonora).

HORARIO APROXIMADO

SAÍDA DO AUTOCAR

Sábado: 8:00 de Gondomar, dende a explanada do Pavillón de deportes.

CHEGADA

: Domingo, aproximadamente ás 22.00, ó mesmo lugar de partida.

Para anotarse á Xeira haberá que chamar ao IEM ao teléfono 986 360575/627 276816, de luns a venres de 18.00 a 21.00, ou escribir un correo electrónico a oficina@iem.gal.

Prazas mínimas :35

Data límite para inscribirse: 30 de Maio

As baixas que se realicen con menos de 48 horas antes do comezo da xeira non se aboará o importe da mesma.

• PREZO SOCIOS/AS: 140 EUROS • PREZO NON SOCIOS/AS: 150 EUROS • Nº DE CONTA IEM: ES95 2080 5035 0730 4001 4164

O prezo inclúe a viaxe en autobús, hotel ou casa rural, cea do sábado, almorzo do domingo, comidas do sábado e domingo, seguro, xantar, as visitas e guías. En caso de solicitar habitación individual haberá que abonar un incremento de 50 euros.